



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA O EXAME E, NO SEU CASO, VALORACIÓN E ADOCIÓN DE ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO SOBRE C DE “OFERTA ECÓNOMICA” NO PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) DAS OBRAS AS QUE FAI REFERENCIA O PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO”, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 11:00 horas do día 21 de marzo de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 11 de novembro de 2016, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

Vogais:

D^a Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D^a Paula María Suárez Cotelo, Interventora da Corporación.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto non público, o exame, e no seu caso, valoración e adopción de acordos que procedan en relación ao sobre C de “Oferta económica e referencias valorables automaticamente” no procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) da obra a que fai referencia o proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO”, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

2º.- EXAME DE OFERTAS PRESENTADAS NO SOBRE C DE “OFERTA ECÓNOMICA E REFERENCIAS VALORABLES AUTOMATICAMENTE”.

Visto que examinada a documentación/proposicións achegadas/presentadas polos licitadores no sobre C, compróbase que a proposición económica presentada polo licitador EXCAVACIONES POSE, S.L. é, en principio, desproporcionada ou anormal, de conformidade co disposto na cláusula 15.4 do prego.

Visto o establecido no art. 152.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e a cláusula 15.4 do prego que rexe a contratación, a mesa de contratación en desempeño das funcións que o art. 22.1 f) do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ACORDA:

Único.- Comunicar ao licitador EXCAVACIONES POSE, S.L. que a súa oferta económica é, en principio, desproporcionada ou anormal, concedéndolle un prazo de **cinco días**, contados a partir da recepción da notificación do presente acordo, para que



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

xustifique a dita oferta, acompañando a documentación á que se refire o apartado 15.5.3. do prego de cláusulas que rexe a contratación.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 11:52 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e praxe da Presidencia.

Vº e Praxe
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril